

O recuncho do veciño

O bispo, o cura e o sancristán

Año 2009dc > Nunha pequena aldea ao norte das remotas terras da Galicia, os esforzados covicheiros aprestábanse a preparar todo o necesario para a celebración dun dos días máis importantes do ano no que rendían homenaxe ás letras e á lingua que sempre faláron. Mentres, nunha cova moi preto de alí, uns teimados personaxes argallaban que facer o mesmo día e á mesma hora supoñemos que con malvadas intencións.....

Ao cura que nos tocou en sorte, aconsellado polo sancristán e co beneplácito do bispo, non se lle ocorreu mellor cousa que organizar un acto relixioso, con merenda e todo, ao mesmo tempo que o programado pola Avv con motivo do día das Letras Galegas. Fontes fidedignas cóntanme que despois dunha semana de certa tensión na que o cura párroco reclamaba o dereito de instalar unha carpa no medio do adro alegando que era del (parece que, o citado elemento, convenceuse de que o adro non pertence a igrexa pois é propiedade municipal como así o

demonstran as escrituras que puiden ver) decidiu, tras consultalo con quen manda, montar a carpa para o evento dentro dos seus lindes.

MI LAGRE > O acto parece que foi un éxito de público repartíndose, tal e como contaron as responsables do catering, 500 racións de comida. Si temos en conta que a carpa era duns 80 metros cadrados, que as mesas ocuparían uns 12 metros e partindo da suposición de que non se colocaron cadeiras, quedaríanos 68 metros cadrados libres o que nos abre un abano de posibilidades:

- A xente era moi pequeniña (había 7,35 individuos por metro cadrado).

- Eran poucos pero comían moito.

- Trátase dun novo milagre como o dos pans e dos peixes pero ao revés, converteron a cincocentos en corenta (posibilidade que, a falta de estudos concluíntes, non descartamos dada a presenza do bispo).

- Pengan que somos parvos (que me da que a cousa vai por aí).

DON ERRE QUE ERRE > Unha

vez mais os nosos "pastores" dedicáronse a alindar sen ter en conta ao rabaño, cousa que xa ven sendo habitual nos últimos tempos, e non pasan mais de dous ou tres meses sen que os personaxes armen unha; cancelaron eventos programados e anunciados sen motivo aparente, desmantelaron a igrexa ante a oposición dun gran número de usuarios, seguiron fiando o conto e publicaron unhas listas de supostos morosos que non debían nada a ninguén e agora arman festas cando xa temos outras.

Paréceme que xa vai sendo hora de que o bispo, a quen eles se refiren como o seu pai, exerza como tal e poña en orde a estes elementos que viñeron a distorsionar a vida apracible que levábamos na nosa aldea, e que todo canto fan tan só contribúe a xerar rexeitamento e división entre nos.

ULTIMA HORA > Declaracións de última hora, recollidas no seo do rabaño, apuntan a que as ovellas xa se están cansando de tanto mangoneo.

J. López

Consellos de dietética de Lara Ortiz

Día a día, a medicina avanza e con ela a nosa calidade de vida, pero hai moitas cousas que podemos facer para mellorar a nosa saúde. Entre estas cousas está o comer dunha forma adecuada ás nosas necesidades segundo: a actividade física, a idade ou o estado de saúde. Coa alimentación podemos axudar a mellorar a saúde ou evitar que esta se debilite. Moitos problemas de colesterol, obesidade, diabetes, etc...son debidos a hábitos alimenticios insáns. O sobrepeso é unha das causas do colesterol, diabetes, dor articular, etc...É por iso que o consello deste mes vouno dedicar a como reducir o consumo de aceite no prato. Non debemos tomar máis de dúas culleres sopeiras ao día ,

salvo que a nosa actividade física sexa moi elevada. E lembra que en calquera dieta para perda de peso hai que evitar: bollería industrial, manteigas e carnes moi graxas. Aumenta o consumo de froitas e verduras. Dálle máis sabor aos teus pratos con especias, pemento e zume de limón nos pratos á prancha ou ao forno.

DIMINUIR O CONSUMO DE ACEITE > Ao facer un guiso, sopa, caldo, arroz, pasta, etc...calcula non máis dunha, ou dúas como moito, culleres sopeiras de aceite por prato.

Procura preparar os filetes a á pasa o ferro. Para iso emprégase unha culler sopeira de aceite e repártese ben por toda a tixola cunha servilleta de papel.

Ao fritir retira o alimento que estas a fritir co aceite quente xa que, se este se arrefría, o alimento o absorberá quedando moi aceitoso.

Non esmagues as patacas cando estean na tixola xa que absorberán máis aceite. Cando vaías retirar as patacas, croquetas ou calquera alimento que estas fritindo, baleira o aceite na aceiteira e logo retira o alimento da tixola usando unha espumadeira e escorrendo ben. Póusao sobre un prato con varias servilletas de papel e logo engade unha culler de aceite por ración.

Para aderezar a ensalada calcula tamén unha culler sopeira de aceite de oliva.

Lara Ortiz

+covas
sumando esforzos

Noticieiro Veciñanza

Número 4 Maio 2009

ALBERGUE DE CAMIÑANTES

O Sábado día 6 de Xuño comezamos os traballos de reforma do antigo ximnasio para o seu uso como albergue de camiñantes. Se queres colaborar esperamoste ás 10:30h no colexio.

I FESTA DA RUTA DO PINCHO

Os hosteleros de Covas organizan unha macrochurrascada nas Cabazas o Sábado día 6.

O concello non leva a cabo os compromisos acadados cos veciños.

Ponzos e Santa Comba perden a bandeira azul por incumprir os requisitos mínimos establecidos por Adeac.

Ollábamos na prensa, hai pouco, a seguinte estatística: "Los principales atractivos del municipio, a juicio de los turistas, son la riqueza paisajística y natural (51%), la gastronomía (38%) y las playas (31%), pero también el ambiente tranquilo y hospitalario." Os datos parecen contundentes, pero parece que os responsables municipais non o entenden así e seguen a interpretar que o verdadeiramente importante dende o punto de vista turístico, véxanse as campañas institucionais realizadas, é Ferrol cidade.

Esta introdución vén a conto porque se achega o verán e como di a canción "La vida sigue igual". COMPROMISOS > O mes de Xuño DE 2008 entregábamos ao Concello un escrito, elaborado en conxunto coa sociedade Verdegaiá, que recollía unha chea de deficiencias nas nosas praias que carecen de servizos esenciais tales como aparcadoiros, programas de educación medioambiental, accesos adaptados, caos circulatorio, etc...Agora, case un ano máis tarde, tan só se está a executar o acceso para mantemento na praia de Ponzos e temos constancia de que Costas está traballando no proxecto para a creación dunha senda de litoral dende o Cano do Anido ata O Vilar que se unirá coa que está actualmente en construción ata San Xurxo. Así mesmo, colocáronse uns paneis que indican "centro cidade" na



Coches aparcados dentro da demarcación de Costas na zona dunar da praia de Ponzos.

zona de Santa Comba e Pedreira. BANDEIRAS AZUIS > Este ano perderonse as bandeiras azuis nas praias de Ponzos e Santa Comba por non cumprir os requisitos mínimos necesarios que establece o organismo que se encarga da concesión (ADEAC). Por contra concedérona á praia de Covas (nos listados oficiais aparece como Cobas) que, a día de hoxe, ten unha problemática similar ás outras dúas.

En calquera casos as carencias das praias non se solucionaron e, a pesar de que ADEAC retirou o galardón, o Concello segue sen actuar.

CÁOS CIRCULATORIO > Á vista disto, lamentamos profundamente que os camiños de acceso as praias se volvan intransitables os meses de Xullo e Agosto, que os coches estean aparcados por riba das dunas e terreos particulares, e que se

formen longas colas para saír á estrada xeral. Lamentamos tamén que os pescadores, profesionais e afeccionados non poidan acceder as praias coas súas embarcacións porque non queda espazo para circular. Lamentamos que, no caso de accidente ou situación de emerxencia, os equipos de intervención non poidan chegar á praia, nin ás vivendas próximas, cos seus vehículos e, sobre todo, lamentamos que o Concello de Ferrol siga tapando as orellas cando lles dicimos o que está a pasar.

En Covas estamos moi orgullosos dun entorno natural que é a nosa mais valiosa herdanza, e que ven sendo dende hai moito tempo unha importantísima fonte de ingresos para a veciñanza, polo que debemos de PROTEXELO tanto dos que se saltan as normas como de quen nos governe sen xeito.



Celebración do día das Letras Galegas no Local social



O pasado 16 de maio celebrouse o día das letras galegas, sendo este ano o homenaxeado Ramón Piñeiro López, natural de Lugo (1915-1990), destacado galeguista, filósofo, activista político-cultural e escritor.

Os actos deron comezo as 19:00 horas, e contouse coa presenza de Gerardo López Castrillón, membro da corporación municipal do Concello de Ferrol, José Bergantiños, periodista do Diario de Ferrol, así como o escritor Xosé Díaz Dopico e a pintora María Méndez.

A outra invitada, Paloma Lago, non puido estar presente por mor da ponte aérea.

En primeiro lugar o presidente presentou os convidados e a continuación fixo unha pequena lembranza sobre a vida de Ramón Piñeiro López. Despois cedeu a palabra a José Bergantiños para presentar a exposición de pintura de María Méndez, salientando os aspectos máis destacados da pintora. Por último Gerardo López Castrillón fixo a presentación do libro "fonte limpa" de Xosé Díaz Dopico facendo fincapé na traxectoria do escritor, e do libro de contos de Paloma Lago resinando a súa sensibilidade escribindo para os nenos.

Logo das disertacións, deuse paso á mostra da pintura e á sinatura de libros por parte do autor así como o agasallo dos contos asinados pola autora aos nenos presentes no acto, repartíndose a totalidade dos libros destinados a tal fin,

derredor de 250 entre os dous autores.

A continuación tivemos a representación, a cargo do grupo de teatro de covas, da obra "son un pasmón", coa que todos os asistentes puideron rir e gozar. Proba delo foron os dez minutos interrompidos de aplausos que colleron. Vaian desde estas liñas os nosos parabéns para todos os seus compoñentes e a súa directora.

Por último, despois de todos os actos conmemorativos, tivo lugar unha degustación gratuita de callos por parte de todos os presentes, servíndose máis de 180 racións.

Unha vez máis temos que destacar a asistencia aos actos, sendo un éxito de público, contando con máis de 200 persoas ao longo de toda a xornada.

Excursión a Muxía - Noia - Muros - Finisterre

O sábado día 23 de maio, un nutrido grupo de mozos e mozas da nosa parroquia capitaneados pola filla de Federico, ao romper a alba, dirixíronse cara á Costa da Morte a bordo do Volvo 176 da empresa Autos Paco pilotado por un experto Schumacher quen aseguraba que a bordo do magnífico autocar non maréaselle ninguén, como así foi.

Durante o percorrido tivemos tempo a almorzar, deixando descansar o tacógrafo, para, a continuación, poñer rumbo a Muxía onde fomos recibidos por un fronte frío cargado de chuvia, pero aínda así houbo máis dun que se paseou por debaixo da "pedra dos cadrís", mentres que outros brincaban enriba das pedra milenarias, co Océano Atlántico de fondo.

Ao rematar o percorrido, e cansos de abalar á pedra, subimos ao autobús en dirección a Finisterre, non sen antes mollarnos tamén por dentro cun extraordinario Alvariño, que seguro que por encontrarse neses lares aínda sabía mellor. Ao chegar ao "fin da

terra", e como a fame estaba facendo estragos entre as filas, dirixímonos ao "Restaurante Finisterre"; alí estaba todo preparado para sorprender ao grupo de "Covicheiros viaxeiros". Para comezar unha espectacular caldeirada dos mellores peixes do atlántico entre os que queremos destacar a Raia, !como estaba a raia!, (de seguro que algún dos comensais, lendo esta breve nota, terá que poñerse un bafeiro lembrándose da mesma); por se alguén quedaba con fame serviuse unha succulenta carne asada, e, de sobremesa, torta de crema e tona, todo iso regado con caldos brancos e tintos da zona, auga e refrescos para os que tiñan que conducir, o correspondente café de pota e algunhas gotiñas. Tras a succulenta papanda cabeceamos un pouco no desprazamento ata Muros.

Unha vez na vila mariñeira repousamos as viandas dixeridas, tivemos tempo para ir compras aos chinos, coma se de "Harrods" se tratase, e puidemos

visitar o pobo para seguir viaxe á pequena Compostela, a Real Vila de Noia.

Baixamos do bus e, os máis espelidos, tiveron a oportunidade de probar e comprar a exquisita empanada de berberechos, (deberon de quedar con fame). Tras visitar a vila, merendar e estirar un pouco as pernas dounos a hora de voltar á nosa localidade.

Para amenizar a viaxe, a nosa xovencísima azafata, puxo no vídeo a película rodada na ermida de Santa Comba "La Letra Escarlata", motivo máis que suficiente para que os viaxeiros decidisen pasar por alto a parada prevista na Vila de Pontedeume, onde estaba previsto finalizar o percorrido.

Chegamos a Covas derredor das nove da noite onde cada quen retirouse aos seus aposentos pensando en descansar todo o día seguinte, que era día Santo. Todo isto en algo máis de doce horas; imaxinavros que dura dous días. JeJeJeJe.

Conde de Focxa

Promesas esquecidas



Dende fai aproximadamente uns 10 anos o noso Concello pasou a ser titular das instalacións militares do cuartel e demais estanzas castrens situadas no cabo Prior. Unha vez conseguida a titularidade municipal parece que, a todos os nosos políticos, se lles esfumou o interese por estas propiedades parecendo máis unha carga que unha oportunidade de futuro.

A consecuencia deste desinterese está á vista de calquera que se dea un paseo polas inmediacións destes edificios que parecen as instalacións dunha planta de tratamento de residuos perigosos e non perigosos rodeada de casas e zonas verdes.

No marco de campañas electorais os aspirantes a ocupar a alcaldía do concello de

Ferrol, anunciaban os proxectos que se levarían a cabo no cuartel como a creación dunha aula da natureza e albergue xuvenil contando iso si coa colaboración da Xunta de Galicia, a rehabilitación de certas instalacións para a apertura dun cámping municipal.

A avv realizou numerosos informes sobre o estado ruinoso en que se encontran todas as instalacións castrens, postos en coñecemento alcalde e o resto dos representantes políticos de todos os partidos políticos en diversas reunións que comezaron no mes de novembro do ano 2007 ata o día de hoxe nas que todos parecían mirar cara ao outro lado cada vez que se lles mostraba unha foto cos estragos realizados durante todos estes anos.

Dende a avv seguimos traballando polo interese común dos nosos soci@s e veciñ@s, que mostraron as súas queixas e preocupación sobre este tema no local social, de vivir nunha aldea con maior seguridade cidadá e con mellores servizos propoñendo

alternativas de ocio, sanitarias e sociais para o uso do cuartel e do descartamento de instrución pero parece ser que non hai interese en frear esta onda de vandalismo, posto que nin sequera toman medida algunha despois do roubo do portal que ían colocar na entrada das instalacións de instrución substituíndoo por simples cadeas que se quitan ao antollo dos novos inquilinos que acondicionan as devanditas instalacións ao seu antollo para resgardarse das inclemencias climatolóxicas, sen que a policía local nin se dea unha volta para ver que sucede por alí dende a avv invitamos a todos os corpos de seguridade e autoridades políticas para que se dean unha volta e pensen se as cousas serían iguais se as súas casas estivesen no medio desas ruínas.



Demandas presentadas ao Concello no mes de Maio

Reposición da cabina telefónica situada na estrada de Covas:

A Cabina atópase completamente destruída, resultando perigosa para os peóns por ter bordos cortantes e restos de cristais, solicitamos a limpeza da zona e que se inste á compañía telefónica para que a substitúa o máis rapidamente posible.

Espello no cruce da cetárea: O espello está moi deteriorado, facéndose necesaria a substitución do mesmo. O cruce non ten visibilidade polo que estimamos que é moi urxente.

Colocación dun espello no cruce de as pozas:

Trátase dunha saída sen visibilidade supoñendo un grave risco tanto para os que saen do camiño como daqueles que circulan pola estrada de Covas.

Desbroces no camiño da ferreira (Ragón) – fonte de vidro (Aldea):

A maleza cubre gran parte dos camiños, dificultando o paso dos vehículos e peóns, solicitamos o desbroce dos mesmos.

Tala ou poda de piñeiros no camiño que baixa ás praias de Ponzos e Santa Comba:

Solicitamos que se inste aos propietarios da finca para que poden ou talen os piñeiros que cruzan o camiño.

Reparación do rexistro no cruce do camiño das praias coa estrada de Covas:

O Rexistro está moi baixo, formándose un furado no centro do cruce, solicitamos a reparación do mesmo.

Limpeza de vertedoiros na zona de As Pozas:

Na zona de As Pozas, pegado aos contenedores do lixo hai escombros e todo tipo de residuos. Solicitamos a limpeza da zona, e suxerimos que se lle comunique á empresa concesionaria que poña en coñecemento do Concello a existencia destes puntos.